



ACTIVIDADES PROGRAMADAS DESDE O CONCELLO DE PONTECESO NADAL 2015



Cartas en galego aos Reis Magos: repártense aos nenos e nenas dos colexios e da gardería para que lle pidan os seus desexos ás Súas Maxestades.

O Apalpador: visita os colexios para contar a súa historia; o día 7 nas unitarias de Brantuas e de Tella (CRA) e na gardería Galiña azul, e o día 11 no CEIP As Forcadas e no CEIP Eduardo Pondal.

Concilia no Nadal: desenvolverase en Corme e en Ponteceso os días: 21, 22, 23, 28, 29 e 30 de decembro en horario de 10:30 a 13:30 h en Corme (Pavillón) e de 10:00 a 13:00 h en Ponteceso (E. das Escolas). Está dirixido a nenos e nenas do Concello de Ponteceso nados entre os anos 2004 e o 2011, ambos incluídos. Cubrirase unha inscrición na oficina da educadora familiar. Prazas limitadas. Máis inf.: 981 714000 ext.1052.

Charla informativa sobre os valores do Río Anllóns e a Enseada da Ínsua impartida polo CEM: o 11 de decembro, no Centro Cultural de Ponteceso, ás 20:00 h.

Andaina guiada polo Esteiro e a Enseada da Ínsua: o 12 de decembro, saída da pr. do Relleno ás 10:00 h.

Concertos didácticos: o día 16 no CEIP Eduardo Pondal e o 17 no CRA e no CEIP As Forcadas.

XIX Certame de Corais: celebrarase o sábado 19 de decembro ás 20:30 horas no Salón de Actos do Edificio das Escolas coa participación das corais do Concello e con Paulina Ceremuzynska como convidada.

Xuntanza Basquet-Nadal: o luns, 21 de decembro de 10:30 a 13:30h, no pavillón municipal de Ponteceso haberá partidos de baloncesto entre os equipos das EDM. de Ponteceso e as EDM. de Cabana de Bergantiños.

Participación en Torneo de Fútbol Sala Infantil. o martes 22 de decembro a partir das catro da tarde o Concello de Malpica organiza torneo de fútbol sala infantil, no cal participará un equipo da EDM. de Fútbol Sala. Os encontros serán no pavillón municipal de Malpica.

Teatro no Nadal: o 22 de decembro ás 18:30 horas, no Salón de Actos do Edificio das Escolas, os nenos e nenas da Escola Municipal de Teatro interpretarán a súa obra para o noso goce.

Concerto de Nadal: o 23 de decembro no Salón de Actos do Ed. das Escolas, ás 19:00 h, dirixida ao público familiar e interpretada polo grupo de cámara Iulius XXIII.

Cine de Nadal: proxectaranse dúas películas, o 29 de decembro no pavillón municipal de Corme e o 30 de decembro no Edificio das Escolas de Ponteceso, ámbalas dúas ás 18:30 h e dirixidas a tódolos públicos.

Participación no Torneo “V Memorial J.A. Vega”. o domingo, 3 de xaneiro de 10:30 a 18:00h o Concello de Laracha organiza o torneo “V Memorial de J.A. Vega” de baloncesto, participarán os equipos da EDM. de Ponteceso. Os encontros serán no pavillón municipal de Laracha.

Cabalgata dos Reis Magos: o luns 4 de xaneiro o tren Real pasará por tódalas parroquias recollendo as cartas dos nenos e repartíndolles caramelos (colaboramos coa campaña “Os Reis Magos cos Celíacos” mercando caramelos aptos) e o martes 5 pola mañá os Reis Magos, en tren, percorreran Ponteceso. Posteriormente, no pavillón de Ponteceso espéranos unha Festa Real coa recepción das Súas Maxestades, con inchables e con degustación de chocolate e roscón.